

VERSOS COMO FLORES

Á miña amiga Chus,
cun globo e unha flor de amendoeira

Pola xenerosidade dunha amiga, empeñada en descubrireme novos universos poéticos, chegaron ata min os versos dun autor que me era, ata o de agora, descoñecido -Celso Fernández Sanmartín- en forma de libro sen título e en edición de autor. Quizais o labor de localizar o poemario nas librerías sexa complicado máis paga a pena xa que posúe unha factura encomiable tanto no aspecto estético como no poético.

Ofrecen ó lector os poemas de Celso Fernández unha volta á infancia, ó tempo do descubrimento e a un ámbito natural que xa nos queda moi alongado. É difícil non identificarse desde o comezo con esa voz infantil que reclama, no texto-pórtico, sobre outras posesións máis valiosas, desde o punto de vista económico, un globo e unha palabra de cariño. Depurados dos signos da vida adulta, recuperando os curiosos ollos infantís, mergullarémonos nun cosmos amable, cheo de cores e sons, onde o mundo non está rexido por leis físicas causativas senón polos efectos de secretas regras de comportamento e actuación:

nen a anduriña segue unha
pauta corrente
cando vai polo aire voando
(...)
hai cousas que non se collen
nas maus que non se comprenden

É na infancia cando se manifestan con maior forza as interaccións establecidas entre a natureza e os seres que a habitan, pero esa percepción vaise esquecendo co paso do tempo, ata o punto de que todo nos resulta críptico. Por iso só seremos capaces de desentrañar os misterios do que nos rodea recuperando a consciencia deses lazos para, co desprazamento do centro intelectual ó corazón, chegar desde a intuición á harmonía plena. Así, sempre hai unha voz que nos recorda que

es en miles de cousas

semellante a unha nube

se intuías isto

pode que entenderas mellor por qué os paxaros

chaman por ti

Unha vez recuperada a percepción intuitiva poderemos ver nas flores, nos paxaros, no río, non só elementos cósmicos senón símbolos que nos falan por si mesmos. As flores pasan de ser elementos de reprodución ou ornamento a conformar unha linguaxe que permite expresar amor, desexo, permanencia, inmortalidade. Ós homes correspóndelles ofrecer á amada as flores da fértil amendoeira pero só algunha muller é quen de romper cos estereotipos e converterse en lenda - "*poucas veces unha muller/ fixo o mesmo // e a que o fixo permanece na memoria/ por sempre*". Só a natureza e os sentimentos son quen de sobrevivir ás máis duras condicións: o abandono, a ruína e a falta de cuidados:

e todo alí

continuou

dando flores no seu tempo

e amores sempre

Os paxaros expresan a dor polo vello amigo -aquele camiñante soterrado "*coa terra/ que fora sacando de debaixo das uñas toda a vida*"- ó que acompañaran sempre ofrecéndolle, na morte, un canto fúnebre: "*púxolle o seu corazón a un espantallo e ese ano houbo máis paxaros que nunca*". Demóstrase que as invencións humanas son moi importantes pero nada é comparable á perfección da natureza:

o cocoteiro de ouro

e o galo marelo

son animais sagrados

pero nen as igrexas nen os patios

de luces viven a mesma vida

que teñen eles

As profisións relacionadas tradicionalmente co ámbito rural quedan reflectidas tamén no poemario de Celso Fernández. Os agricultores, as fiadeiras, a muiñeira ou o trezador van aparecendo nos versos como seres en continua comunicación co medio, capaces de transformar os seus froitos en alimentos, doas de amor -a colcha de liño, un cesto de claudias- ou legar os resortes dos misterios ancestrais a outros seres: "*os trezadores (...) son os que lle ensinan ós galos a cantar// louvar o día/ que esperta*".

Mesmo cando temos asumido a consciencia dolorosa do propio fluír da vida, dese río que somos -"*sabiamos dos ríos/ pero non sabiamos nada deste río*"-, atopamos na natureza o bálsamo que nos libre do desalento xa que as propias augas do río son medicinais:

metémonos na auga fría

e as sombras dun vanse coela

e queda a sombra dos fentos e dos brizos

na auga

para gardalo sitio

para te acabar de sanar

E, de novo, na auga uterina atopamos as flores, sentimos a plenitude dun ser que renace, degustamos o almibre dos beixos, recreámonos na mensaxe que vai no canto dos paxaros, conscientes á fin de pertencer a un entorno natural que nos ofrece, tamén, as palabras para dicirlle ós que amamos

ben sei

como é o ceo cautivador

pero agárrome mais forte ó teu pescozo quente

non te me vaias

TERESA SEARA

A Nosa Terra, 698, 2-11-1995, p.24